
Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 18 de outubro de 2018

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 18/10/2018
- II. Asistentes á CGIC do 18/10/2018
- III. Axenda Básica para o curso 2018-19
- IV. R3-MC02P1 Informe QSP Periódico
- V. R4-DO0201P1 Procedemento para o control e seguimento da docencia
- VI. R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro
- VII. R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT
- VIII. IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material

Ábrese a sesión ás 12 horas e 00 minutos, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2018.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento a acta, que será publicada definitivamente na sección de INICIO/CALIDADE/COMISION DE CALIDADE do centro:

<http://minasyenergia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade>

2. Informe da Coordinadora.

- O 17 xullo de 2018 foi aprobado na Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) o Procedemento de Acreditación Institucional de Centros de ACSUG. Este novo procedemento implica que os Centros que cumpran os requisitos establecidos na Resolución de 7 de marzo de 2018, poderán solicitar a acreditación institucional do Centro, o que suporá unha simplificación do procedemento de renovación dos títulos, xa que os centros que estean en disposición de obter esta acreditación institucional, renovarán a acreditación de todos os seus graos e mestrados oficiais de xeito automático, sen necesidade de someterse ao procedemento convencional establecido no Real Decreto 1393/2007.
- O 4 de setembro de 2018 recibíuse o informe final de acreditación do Mestrado en Enxeñaría de Minas pola ACSUG. O criterio 1 valórase agora cun B:

| DIMENSIONES Y CRITERIOS | VALORACIÓN |
|---|-------------------|
| DIMENSIÓN 1. LA GESTIÓN DEL TÍTULO | |
| Criterio 1. Organización y desarrollo | B - Se alcanza |
| Criterio 2. Información y transparencia | B - Se alcanza |
| Criterio 3. Sistema de garantía de calidad | SGC - Certificado |
| DIMENSIÓN 2. RECURSOS | |
| Criterio 4. Recursos humanos | B - Se alcanza |
| Criterio 5. Recursos materiales y servicios | B - Se alcanza |
| DIMENSIÓN 3. RESULTADOS | |
| Criterio 6. Resultados de aprendizaje | B - Se alcanza |
| Criterio 7. Indicadores de satisfacción y rendimiento | B - Se alcanza |

- O 26 de setembro de 2018 abriuse o prazo para solicitar la Acreditación Institucional. A Escola cumpre os requisitos para solicitar á ACSUG esta Acreditación que, de acordo coa normativa vixente, outórgase aos centros que cumpren os seguintes requisitos:
 - Dispoñer dun sistema de calidade certificado na súa implantación.
 - Polo menos a metade dos títulos de grao e mestrado acreditados polo procedemento ordinario.

Os centros que obteñen esta Acreditación Institucional acreditan automaticamente os seus títulos restantes, sen pasar polo proceso ordinario, mentres estea en vigor a Acreditación outorgada (5 anos).

- O 5 de outubro de 2018 tivo lugar unha reunión das persoas que coordinan a calidade dos centros, do persoal da área de calidade, do director da área de calidade e do persoal PAS de apoio á calidade. Nesta reunión informouse dos seguintes puntos relativos ao programa DOCENTIA:
 - A segunda convocatoria quinquenal (voluntaria) está prevista para finais deste ano 2018.

- Estase revisando o manual de DOCENTIA.
- No primeiro trimestre do presente curso está previsto publicar os resultados da convocatoria anual (obrigatoria) correspondente ao curso 2016-17.

3. Ratificación, se procede, da axenda básica correspondente ao curso 2018-19.


A Área de Calidade achegou a Axenda Básica para o curso 2018-19 (Anexo III). Esta axenda é unha ferramenta de axuda que presenta información xeral para facilitar a planificación e o desenvolvemento das actividades vinculadas á xestión da calidade nos centros e nas titulacións da Universidade de Vigo. Como cada curso, elaborouse ademais un resumo da axenda en formato Excel para facilitar o entendemento da planificación anual.

Infórmase dos cambios que a actual axenda presenta con respecto á aprobada o curso anterior.

A Comisión ratifica por asentimento a axenda básica correspondente ao curso 2018-19.

4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-MC02P1 Informe QSP Periódico.

O informe de queixas, suxestións e parabéns (Anexo IV) recolle as QSP relacionadas coa Escola. Ao longo do curso 2017-18 presentáronse 17 QSP. Todas foron aceptadas e atendidas:



Coméntanse algunhas das QSP rexistradas, así como o feito de que este curso un número significativamente inferior de entradas que o curso anterior.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R3-MC02P1 Informe QSP Periódico.

5. Aprobación, se procede, do rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o control e seguimento da docencia.

Este rexistro (Anexo V), obrigatorio, recolle as incidencias docentes que tiveron lugar no curso 2017-18. A presidenta fai un resumo das incidencias acaecidas durante o curso. Todo o profesorado involucrado foi informado e, esgotado o período de reclamación, corresponde agora pechar o rexistro que recolle as incidencias non xustificadas.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o control e seguimento da docencia.

6. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro.

Este rexistro (Anexo VI) é un resumo das actividades de promoción realizadas durante o curso 2017-18, así como as previstas para o presente curso 2018-19.

A comisión debate as propostas presentadas para o curso 2018-19. Prodúcese un intercambio de opinións e ideas sobre algunhas das ideas presentadas.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro.

7. Aprobación, se procede, dos rexistros R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT.

Neste rexistro (Anexo VII) recóllense os seguintes apartados:

- As actividades de orientación (informativas e formativas) do centro
- Informe do MEET-Minas
- Informe do PAT dos graos en ERME e EE
- Informe do PAT do Mestrado en Enxeñaría de Minas
- Informe do PAT do Mestrado en Xeoinformática

A Comisión aproba por asentimento os rexistros R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT.

8. Aprobación, se procede, do rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material.

Correspóndese coa asignación de equipamento a laboratorios docentes para o curso académico 2018-19 (Anexo VIII). A presidenta e o subdirector de infraestruturas informan de que todas as solicitudes poderán ser atendidas por haber orzamento suficiente para satisfacelas todas.



A Comisión aproba por asentimento o rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material.

5. Rogos e Preguntas.

Don Diego López González fai o rogo de que se estableza a principio de curso unha previsión de calendario de reunións da Comisión de Garantía de Interna de Calidade. Así mesmo, roga que se forme un grupo de traballo constituído por profesorado da emE e membros de Arigal, Cámara Mineira, Colexios profesionais... co fin de traballar en proxectos de divulgación.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 45 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezaoito de outubro de dous mil dezaoito.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 18/10/2018

Por orde da Presidenta, convócase a todos os membros da Comisión de Garantía de Calidade da EE Minas e Enerxía a unha reunión **ORDINARIA** que terá lugar o día 18 de outubro de 2018 na Sala de Xuntas do módulo de dirección da EE Minas e Enerxía ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de xullo de 2018(*).
2. Informe da Coordinadora.
3. Ratificación, se procede, da axenda básica correspondente ao curso 2018-19.
4. Aprobación, se procede, do rexistro R3-MC02P1 Informe QSP Periódico.
5. Aprobación, se procede, do rexistro R4-DO0201P1 Procedemento para o control e seguimento da docencia.
6. Aprobación, se procede, do rexistro R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro.
7. Aprobación, se procede, dos rexistros R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT.
8. Aprobación, se procede, do rexistro IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material.
9. Rogos e Preguntas.



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 18/10/2018.

| Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 18 de outubro de 2018 | |
|---|-----------------------------|
| Ángeles Saavedra González | Secretaria |
| David Patiño Vilas | Coordinador Grao EE |
| Elena Alonso Prieto | Presidenta |
| María Araújo Fernández | Coordinadora Grao ERME |
| Diego López González | Representante da Sociedade |
| Luisa Álvarez Zaragoza | Representante dos Egresados |
| Escusan a súa asistencia | |
| Elena González Rodríguez | Representante do PDI |
| M ^a Carmen Romo Pérez | Administrador/a do centro |



ANEXO III

Axenda Básica para o curso 2018-19



ANEXO IV

R3-MC02P1 Informe QSP Periódico



ANEXO V

R4-DO0201P1 Procedemento para o control e seguimento da docencia



ANEXO VI

R1-DO0202P1 Plan de promoción do centro



ANEXO VII

R2-DO0203P1 Informe final de avaliación do PAT



ANEXO VIII

IT02-PA07 Ficha de solicitude do recurso material